

O HOMETRANQUILO 1292

John Ford, 1952

ESTREA EN NUMAX: 15.05.2024 | V.O.S.E. | 129 min

Sean Thornton, un boxeador norteamericano, regresa á súa Irlanda natal para recuperar a súa granxa e esquecer o seu pasado. Nada máis chegar namora de Mary Kate Danaher, unha moza moi temperamental, aínda que para conseguila deberá loitar contra os costumes locais, como o pago da dote e, ademais, contra a oposición do irmán da súa prometida.

«É tanto unha aventura antropolóxica como unha rapsodia romántica»

Richard Brody, THE NEW YORKER



Un capricho irlandés?

Por Miguel Marías

A primeira vista *O home tranquilo* parece unha película sen guión, máis improvisada sobre o terreo que coidadosamente escrita e preparada. Hai espectadores que o consideran un mérito; outros, en cambio, apóianse en tal suposición para quitarlle importancia: como se se tratase dunhas vacacións pagadas, o "capricho irlandés" de John Ford. Abonda cun pouco de atención para advertir que *O home tranquilo* ten pouco en común, a pesar da presenza de John Wayne, con *A taberna do irlandés* (1963) do propio Ford, e menos aínda con *Hatari!* (Howard Hawks, 1961), película coa que adoita ser asociada, aínda que só teñen un parentesco superficial.

Anos antes de que John Ford conseguise por fin rodala, *O home tranquilo* existía xa en forma literaria: a novela de Maurice Walsh, que Ford fixo adaptar por Frank S. Nugent, personalizándoa adicionalmente ao facer que os personaxes fosen incorporados por membros da súa "compañía estable" de actores. (...) A pesar das aparencias, *O home tranquilo* é unha obra meticulosamente preparada e elaborada. Non só é a primeira que rodou Ford fóra de Estados Unidos, senón que se expuxo como a primeira dunha serie, que contribuíse a sentar os piares dun posible cinema irlandés. Ford non desembarcou nunha vila calquera de Irlanda para filmar unha serie de actores habituais no seu cinema e case todos de orixe irlandesa. O seu Innisfree non existe máis que n'*O home tranquilo*, é unha creación do seu espírito, un mosaico ficticio creado con anacos de vilas diferentes e ata distantes. Isto fixo que cando décadas despois José Luis Guerin filma o seu *Innesfree* (1990), tivese que percorrer media Irlanda para dar coas localizacións reais.

(...) *O home tranquilo* conta alusivamente, con grandes elipses, as vidas de varios personaxes, sen necesidade de narralas nin de que as relaten eles; sutilmente suxeridas, están ao alcance de quen queira atar cabos. Así, cando Barry Fitzgerald se despide de John Wayne e di que irá ao pub de Cohan *and talk a little treason*, adiviñamos unha simpatía polo IRA, probablemente máis centrada en conspiracións de café e comentarios irónicos contra os ingleses que na militancia armada.

(...) A aparente espontaneidade de certos filmes de antano que hoxe fican vivos e frescos débese, creo eu, a que eran sentidos e sinxelos, carentes de pretensións, pero iso non significa que fosen ocorrencias repentinas nin produto dunha xenialidade conxénita. Estas películas eran produto dunha maquinaria industrial ben engraxada que mantiña equipos estables e ben remunerados de profesionais competentes e un traballo de preparación tan intenso que permitía gravalas en pouco tempo. Contrariamente ao que habitualmente sucede en, por exemplo, o cinema de Fritz Lang, ou doutras maneiras en Hitchcock ou Hawks, ningún plano do filme parece previamente fixado, determinado, encerrado no marco do seu encadre, menos aínda debuxado: de aí a impresión case "documental" que produce, esa enganosa sensación de que Ford chegou, mirou, colocou a cámara e filmou. A mesma falsa sensación de ausencia de esforzo provoca o seu desenvolvemento narrativo, no que non son visibles os vectores dramáticos e non se subliñan nunca as liñas de forza: por iso parece un encadeamento case arbitrario de enxebres digresións, coa liberdade de incisos, circunloquios e retrocesos que caracteriza os relatos orais, as narracións de lendas, anécdotas e esaxeracións coas que decote se ameniza unha sobremesa ou un longo traxecto en dilixencia.



Na librería
NUMAX
numax.org/librería

*Simetrías. Los 5
actos en las películas
de John Ford,*
Paulino Viota Cabrero.
Athenaica, 2022

Las costuras del guion,
Daniel Domínguez.
Tris Tram Editorial, 2024

*El hombre que mato a
Liberty Valance,*
John Ford.
Divisa [BD]